

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FUNDACIÓN HISPANO JUDÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 30 de outubro de 2019 coa Fundación Hispano Judía o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista ata o 12 de abril de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións de colaboración a Fundación Hispano Judía a favor da Fundación Cidade da Cultura ao amparo do artigo 25 da lei 49/2002, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, en apoio a exposición “Galicia, un relato no mundo” que permanecerá aberta ao público do 14 de novembro de 2019 ao 12 de abril de 2020.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.



Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73 e está incluída no réxime fiscal previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de “Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado”. Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

O obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, segundo os seus estatutos, céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundación poderá realizarse directamente pola Fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

En cumprimento do seu obxecto a Fundación Cidade da Cultura, dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento e apoio de eventos culturais de interese para a difusión de Cidade da Cultura de Galicia, entre os que se atopa a exposición GALICIA, UN RELATO NO MUNDO. A mostra permanecerá aberta no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, do 14 de novembro de 2019 ao 12 de abril de 2020.



A exposición “Galicia, un relato no mundo” percorrerá máis de catro mil anos dun territorio chamado Galicia e a súa participación nas grandes dinámicas da Historia universal. Indagará nos eixos da nosa relación co resto de Europa e o mundo ao longo do tempo, conectará as nosas memorias familiares con este universo e mostrará a presenza actual de Galicia no mundo.

Dentro das obras que compoñerán a mostra, destaca a BIBLIA KENNICOTT considerada como unha obra mestra da iluminación medieval e un dos manuscritos hebreos máis fermosos da Historia.

A Biblia Kennicott finalizouse na Coruña o ano 1476 (ano 5.236 da Creación no cómputo xudeu) por encargo dun importante mercader coruñés chamado, Isaac ,fillo de Salomón de Braga. Entre 1492 e 1493 este mercador e a súa familia abandonaron a cidade debido ao decreto de expulsión dos xudeus promulgado polos Reis Católicos. Con toda probabilidade a Biblia partiu con eles, seguindo despois un azaroso camiño entre Portugal, norte de África e Xibraltar. Estivo desaparecida durante 300 anos. En 1771 Benjamin Kennicott, responsable da Biblioteca Radcliffe da Universidade de Oxford, xestionou a súa adquisición para os fondos da institución. En 1872 a Biblia foi transferida á Biblioteca Bodleian, tamén da Universidade de Oxford, onde continúa ata hoxe. Cincocentos anos despois do exilio dos seus propietarios, a Biblia Kennicott volve a Galicia no marco da exposición “Galicia, un relato no mundo”.

Pola súa parte a Fundación Hispano Judía foi constituída o 11 de marzo de 2016, e ten por obxecto fomentar as relacións entre Israel, España e Latinoamérica, especialmente a través das súas respectivas Comunidades Xudías. Recuperar a memoria histórica do papel que, ao longo de moitos séculos da nosa historia, realizaron os xudeus na nación española e en Europa. Fomentar e divulgar a tecnoloxía, a ciencia e a cultura xudía. Promover o diálogo intercultural e o intercambio da diversidade cultural con Europa e outras rexións o mundo, especialmente con Israel e Latinoamérica. Promover a



concienciación social contra o neo-antisemitismo, a xenofobia e o racismo, contra a intolerancia relixiosa, racial ou de calquera tipo. A defensa da convivencia democrática, a seguridade e protección dos cidadáns, así como os seus dereitos e liberdades.

En base aos seus fins, a Fundación Hispano Judía cre necesario colaborar coa difusión da exposición ‘Galicia un relato non mundo’, e en concreto, na transmisión de coñecemento sobre a presenza da BIBLIA KENNICOTT nela, manuscrito hebreo de suma importancia para a cultura xudía.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. O presente convenio de colaboración rexerase polo establecido no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de “réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado”.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Manuel Vila López

Secretario do Padroado

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

